# TRANSILVANIA

de primeiras fiuncegos instrumentos
ben que mortais sinxelos maiormente
espadas e machados e coitelos
despois xaneiras de forca e guillotina
(o gume do porvir) e logo ao cabo
maquinas rechamantes sobardando
torcas cadeixos amortecedores
eixos rodicios gonzos parafusos
zunchos chavellas oscas alavancas
execucións científicas no fundo
da espelunca reproducions de sáculos
de desenrolo humano e de progreso

espichado no corazon de europa
un esteo da conta da tua morte
somentes un esteo no corazon
(por suposto de europa non hai dubida)